

FIN DE SEMANA NEGRA

con clases maxistras de **Juan Madrid**
Rafael Cobos
Patxi Amezcua



Durante tres intensas xornadas, tres guionistas expertos en cine negro, Juan Madrid, Rafael Cobos e Patxi Amezcua, profundizan nos misterios e nas claves do xénero

xoves 22 de outubro (de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)

Juan Madrid (Brigada Central, Tánger)

- O guión como partitura. A función da escritura do guión no cine.
- O guión como escritura autónoma. O problema do conflito na narrativa fílmica.
- O guionista e a película. Problemas de autoría.
- Reflexións sobre sociedade versus película. Censura e autocensura.
- Manifiesto por un cine imperfecto. Os bos guionistas van ao ceo, os demais a calquera parte.

venres 23 de outubro (de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00)

Rafael Cobos (La Isla Mínima, Grupo 7)

- Experiencia persoal e método de traballo; dende o pensamento á estrutura.
- O xénero como pretexto dramático.
- Misterios da creación e da execución do guión de La isla mínima.

sábado 24 de outubro (de 10:00 a 14:00)

Patxi Amezcua (Séptimo, 25 kilates)

- O cine negro: do guión á película.
- Pautas para escribir un guión de cine negro e policiaco.
- Consellos para converter un guión policiaco nunha película de xénero negro.
- Experiencias á hora de escribir e dirixir películas de suspense, policiacas ou de cine negro.

(de 16:00 a 19:00)

Mesa Redonda cos tres poñentes

Moderada por Nico Campos (Presidente de AGAG)




Juan Madrid. 1947

É un dos mestres da novela negra en España, dende que en 1980 publicara o seu primeiro libro, **Un beso de amigo**. Varias das súas novelas foron levadas ao cine, como **Días contados**, dirixida por Imanol Uribe. Él mesmo se encargou da adaptación cinematográfica de outro dos seus libros, **Tánger**, no que foi tamén a súa estrea como director. É o guionista de **Brigada Central**, a primeira serie policial íntegramente española, da que publicou unha versión novelada dos guións. Foi profesor en numerosas escolas e institucións, como a Escuela Internacional de Cine y TV de San Antonio de los Baños (Habana, Cuba).



Rafael Cobos. 1973

Coescribiu con Alberto Rodríguez os guións das longametraxes **7 vírgenes** (nominada a mellor guión nos Premios Goya 2006), **After** (nominada aos Premios Goya 2009), **Grupo 7** (nominada aos Premios Goya 2013), **La isla mínima** (Goya a mellor guión 2015 e Medalla Círculo de Escritores Cinematográficos a mellor guión) e **El espía de las mil caras**, para Zeta producciones. Tamén coescribiu o guión da longametraxe **Ali**, xunto a Paco Baños, e **Toro**, con Fernando Navarro. Na actualidade, coescribe con Alberto Rodríguez a serie **La Peste**, para Movistar.



Patxi Amezcua. 1968

Guionista de películas como **El viaje de Arián** (2000), **Trastorno** (2006), **Bruc** (2010) e **Atrapa la bandera** (2015). Autor da obra teatral **19:30**, estreada no Teatro Arriaga de Bilbao.

É guionista e director das películas **25 Kilates** (premio á mellor película nos festivais de Ópera Prima de Tudela, Medina del Campo, Alcoi e Málaga) e **Séptimo** (protagonizada por Ricardo Darín e Belén Rueda, e premio á mellor película no Festival de Cine Policiaco de Lieja).

TARIFAS

	Socios AGAG / FAGA	Estudiantes / socios CREA	Tarifa xeral
xornada individual	15 euros	25 euros	30 euros
pack 3 días	40 euros	60 euros	70 euros

Último día para a inscrición: 21 de outubro (ata as 23:59)

Os estudantes (Facultade/Máster/Módulo Audiovisual) deben enviar documento acreditativo (tarxeta universitaria/matriculación escaneada) a formacion@asociaciongalegadedeguijonistas.org

COMO FORMALIZAR A INSCRICIÓN

- 1.- enviar un mail a formacion@asociaciongalegadedeguijonistas.org co nome e apelidos do solicitante, para comprobar a dispoñibilidade de prazas, indicando os días aos que se quere asistir
- 2.- unha vez confirmada a dispoñibilidade, efectuarase o pago da tarifa que corresponda a través de transferencia bancaria ou ingreso na seguinte conta:

Entidade: Abanca

Número de conta: 2080 0000 71 3040196358

Concepto: nome do inscrito + "FINDE NEGRA"

Beneficiario: Asociación Galega de Guionistas

- 3.- enviar recibo da transferencia escaneado (ou captura de pantalla, ou foto de móbil) a formacion@asociaciongalegadedeguijonistas.org

Ata que non se reciba a confirmación do ingreso, a matrícula non será efectiva